



Cuestionario Proust Lara Boubeta Bamio: mestra e escritora

8 de abril de 2024

<https://lecturafilia.com/2024/04/08/cuestionario-proust-lara-boubeta-bamio-mestra-e-escritora/>

Lara Boubeta (Cangas, 1994) é mestra a tempo completo e escritora cando pode. O seu activismo polos dereitos LGBTIQ+ levouna a unir estas dúas facetas e a loitar por medio da palabra. É así como nace o seu libro *Xe*, unha reflexión sobre o xénero e a intersexualidade adaptada ás infancia. Ademais, comparte en redes recursos en galego desta temática para Educación Primaria a través do perfil de instagram [@sempre_estou_aprendendo](#).

Como forma de liberación, ten tamén unha relación complexa coa poesía. Grazas a esta, obtivo recoñecementos en diversos certames como o do Concello de Ames ou o III Certame de poesía LGBT+ de AvanteLGBT+ Compostela.

Coñecémola mellor neste Cuestionario Proust:

- 1. O principal trazo do teu carácter?** A sensibilidade.
- 2. Que calidade aprecias máis nun home?** Que sexa feminista.
- 3. E nunha muller?** A empatía.
- 4. Que agardas das túas amizades?** Que me digan sempre o que pensan, aínda que non me guste escoitalo.
- 5. O teu principal defecto?** A impulsividade.
- 6. A túa ocupación favorita?** Xogar ao fútbol.
- 7. O teu ideal de felicidade?** Ser estable emocionalmente.
- 8. Cal sería a túa maior desgraza?** Esquecerme de min mesma.
- 9. Que che gustaría ser?** Poeta.
- 10. En que país desexarías vivir?** En Senegal.
- 11. A túa cor favorita?** Depende do meu estado de ánimo.

- 12. A flor que máis che gusta?** O xirasol.
- 13. Que paxaro prefires?** O corvo mariño.
- 14. Os teus autores/as favoritos en prosa?** María Reimóndez, Eva Mejuto, Pedro Feijoo, Domingo Villar, Arantza Portabales, Antía Yáñez...
- 15. E poetas?** Luz Fandiño, Rosalía, Andrea Nunes, Silvia Penas, Olga Novo, Samuel Merino, Xela Arias, Lúa Mosquetera, Diana Kurich e as miñas queridísimas Comadres das Letras.
- 16. Un heroe de ficción?** Non teño.
- 17. Unha heroína?** Xena.
- 18. O teu músico ou música favorito/a?** Sés.
- 19. O teu pintor ou pintora preferido/a?** Frida Kahlo.
- 20. O teu heroe ou heroína na vida real?** A miña avoa.
- 21. O teu nome favorito?** Xela.
- 22. Que hábito alleo non soportas?** A hipocrisía.
- 23. Que é o que máis detestas?** A mentira.
- 24. Unha figura histórica que che poña mal corpo?** Calquera ditador, principalmente se procede da Galiza.
- 25. Un feito histórico que admires?** Calquera pola defensa dos dereitos LGBTQ+.
- 26. Que virtude desexarías posuír?** A de ser unha persoa decidida e segura de si mesma.
- 27. Como che gustaría morrer?** Rápido.
- 28. Cal é o estado máis común do teu ánimo?** Vivo permanentemente en estado ansioso.
- 29. Que defectos che inspiran maior indulxencia?** Aqueles que provoca o descoñecemento.
- 30. Tes unha máxima ou lema de vida?** Todo pasa.